



BASES DA GALA DO DEPORTE DE VEDRA

A.- REQUISITOS QUE DEBE CUMPRIR CALQUERA PREMIADO/A DA GALA DO DEPORTE:

Común a todas as categorías: para ter dereito aos nomeamentos, o período de presentación de candidaturas será do 1 de novembro ao 5 de decembro de 2017 ás 14:00 h.

Cada unha debe cumprir polo menos un dos seguintes requisitos:

- * Ser residente en Vedra.
- * Ter nacido en Vedra.
- * Pertencer a algún equipo ou Escola Deportiva de Vedra.
- * Ou que por circunstancias especiais estar fóra do concello e que a xuízo do xurado poida ser nominado/a.

B.- PROPOSTA DE PREMIOS E XUSTIFICACIÓN DESTES PARA A TEMPADA 2015-2016 E 2016-2017:

1. Mellor deportista de base feminina

Será outorgado á deportista de categorías inferiores ata infantil (inclusive) que o xurado considere xunte os requisitos para tal distinción.

2. Mellor deportista de base masculina

Será outorgado o deportista de categorías inferiores ata infantil (inclusive) que o xurado considere xunte os requisitos para tal distinción.

3. Mellor equipo de base feminino

Será outorgado ao equipo de categorías inferiores ata infantil (inclusive) que o xurado considere xunte os requisitos para tal distinción.

4. Mellor equipo de base masculino

Será outorgado ao equipo de categorías inferiores ata infantil (inclusive) que o xurado considere xunte os requisitos para tal distinción.

5. Mellor deportista promesa feminina

Será outorgado á deportista de categorías ata xuvenil ou júnior que o xurado considere xunte os requisitos para tal distinción.

6. Mellor deportista promesa masculina

Será outorgado ao deportista de categorías ata xuvenil ou júnior que o xurado considere xunte os requisitos para tal distinción.

7. Mellor equipo promesa feminino

Será outorgado ao equipo de categorías ata xuvenil ou júnior que o xurado considere xunte os requisitos para tal distinción.

8. Mellor equipo promesa masculino



Será outorgado ao equipo de categorías ata xuvenil ou júnior que o xurado considere xunte os requisitos para tal distinción.

9. Mellor deportista feminina

Será outorgado á deportista que o xurado considere.

10. Mellor deportista masculino

Será outorgado ao deportista que o xurado considere.

11. Mellor iniciativa deportiva competitiva ou non competitiva organizado no concello no período de xaneiro de 2015 a decembro de 2017

12. Premio especial do xurado á contribución empresarial ao deporte municipal

13. Premio especial do xurado á mellor contribución ao deporte municipal

14. Premio especial do xurado á traxectoria deportiva

15. Premio especial do xurado “Lenda do Deporte Galego”

NOTA: As categorías 11, 12, 13, 14 e 15 serán directamente outorgadas polo xurado, sen necesidade de presentar candidatura.

C.- PROPOSICIÓN DE CANDIDATURAS

Poderá presentar candidatura aos premios calquera persoa ou entidade con capacidade xurídica propia, facendo constar todos os logros acadados no períodos especificados e dando fe de que os datos aportados son certos.

D.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

A presentación da candidatura poderá facerse a través do Rexistro das Oficinas Xerais do Concello de Vedra en horario de 09.00 a 14.00 h ou no correo electrónico cultura@concellodevedra.com. Esta deberá ir acompañado das fotografías dos nomeados/as en formato JPG (a poder ser no desenvolvemento da súa actividade deportiva)

Vedra, outubro 2017